



**JOSÉ PABLO GONZÁLEZ CACHEIRO, PRESIDENTE DA COMISIÓN
XESTORA DESTE CONCELLO, A TÓDOLOS VECIÑOS/AS DO
TERMO MUNICIPAL.**

INFORMA: Que está aberto o prazo de solicitudes para o **PROGRAMA DE TERMALISMO SOCIAL-BALNEARIOS**, que promove o **IMSERSO**.

***BENEFICIARIOS/AS:**

- 1.- Pensionistas de xubilación e invalidez ou pensionistas de viuvez e outras, con 60 anos cumpridos
- 2.- Non padecer alteracións de comportamento nin enfermidade infecto-contaxiosa
- 3.- Valerse por sí mesmo/a para as actividades cotiás
- 4.- Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para os mesmos
- 5.- Españois residentes no exterior, sempre que perciban unha pensión pública e teñan máis de 60 anos cumpridos
- 6.- Poderán ir acompañados dos cónxuxes, sempre que cumpran os requisitos 2, 3 e 4.

***DOCUMENTACIÓN:**

- Documento Nacional de Identidade
- Modalidade e contía/s da/s pensión/s

Se a temporada pasada a persoa solicitou praza e reunía os requisitos para participar no programa, o IMSERSO remitiralle por correo un modelo simplificado para a renovación da súa solicitude.

Se accede por primeira vez ao Programa ou volve a solicitalo logo de non telo feito no ano 2014, deberá formalizar nova solicitude.

***QUENDAS E PRAZOS:**

- Para as quendas dos meses de **febreiro ata agosto** (ambos inclusive):
 - Con prioridade na adxudicación: **ata o día 16 de xaneiro de 2015.**
 - Para a súa inclusión na **lista de espera: ata o día 16 de maio de 2015.**
- Para as quendas dos meses de **setembro a decembro** (ambos inclusive):
 - Con prioridade na adxudicación de praza: **ata o día 16 de maio de 2015.**
 - Para a súa inclusión na lista de espera: **ata o día 30 de outubro de 2015.**

Os/as interesados/as poden dirixirse ós Servizos Sociais do Concello - Traballadora Social (telf. 981 790001 - 981792000)

O que informo para xeral coñecemento.
Oza - Cesuras a 12 de decembro de 2014.